

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VALGA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DE SEGURIDADE VIAL E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 8501 VALGA-MARTORES DESDE O PK 1+050 ATA O PK 1+500” (MUNICIPIO DE VALGA)”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, José María Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- Que a cláusula novena do convenio asinado o 16 de novembro de 2021 obxecto desta Addenda establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.

II.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

III.- O 8 de novembro de 2021 formalizouse ante o IDAE unha solicitude de participación na no Programa de axudas regulado polo Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, con destino a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Esta solicitude está pendente de resolución.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Valga para a execución do proxecto “MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL Y DE LA MOVILIDAD PEATONAL EN LA EP 8501 VALGA-MARTORES DESDE EL PK 1+050 HASTA EL PK 1+500” (MUNICIPIO DE VALGA) ”.



SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda.